

O Consello Escolar de Galicia

Herminio Barreiro

Non puido ser. Unha iniciativa interesante, ambiciosa e mesmo constructiva non puido ser posible. Constituído hai varios meses, o Consello Escolar de Galicia nacía, en principio, como un importante órgano consultivo para todo tipo de iniciativas e problemas graves que se plantearan no eido da educación en Galicia. Discuteuse un pouco, é certo, o día da súa constitución, sobre o **carácter** que debería ter -e tamén sobre as súas funcións- en tanto que órgano **de integración** de practicamente tódolos sectores sociais implicados no proceso educativo. Parece, pois, que tiña **un sitio** no organigrama da Consellería de Educación.

Nomeouse unha comisión encargada de elaborar un «proxecto de regulamento de rexime interno». Recordo que naquela sesión primeira, constitutiva, xa houbera pactos extraños e cousas raras. Máis que dedicarse cada quen a defender os intereses ouxetivos que iba representando ou para os que fora designado, latexaba no ambiente unha preocupación excesiva pola concreta correlación de forzas que se daba entre os representantes, entre os asistentes, entre os membros elixidos ou designados para o Consello Escolar. Era como si se presentiran tensións inminentes -certamente, inevitables- e algúns quixeran tomar posicións para xogar con ventaxa. Organizouse o colectivo, o novo colectivo, pensando nun traballo baseado máis na política da forza e da competitividade que na política dunha conveniente racionalidade.

Co Consello Escolar iba pasar o que se teme que poida ocorrer co Consello Universitario de Galicia: que en lugar de atender ás necesidades sociais reais, se discuta sobre a resposta os mecanismos de presión máis contundentes. Poden non percurarse as mellores solucións para o conxunto do país, senón a saída salomónica e demagóxica que contente, sobre todo, ós máis poderosos.

O caso é que a velocidade vertixinosa dos acontecementos políticos nos dous últimos anos en Galicia, deixaron aparcado momentaneamente o proxecto de Consello Escolar. O goberno galego debéu traballar a marchas forzadas co fin de rendabilizar ó máximo a súa xestión. Concedéuselle atención prioritaria a tódalas medidas que tivesen repercusións sociais e políticas inmediatas. A campaña de imaxe coméu moito tempo... Pola contra, os grandes temas, os temas de fondo, os temas «a longo prazo» deberon agardar, unha vez máis.

O Consello Escolar é unha «emanación» da LODE. De entrada, coido que non foi nada afortunada a decisión de constituir unha «comisión permanente» do Consello. Era innecesaria. O poder decisorio, en materia educativa, xa está nas mans dos altos cargos da Consellería. Crear unha «permanente», duplicando funcións, non ten moito sentido. Millor sería **convocar** con frecuencia ese Consello, demandar a súa **opinión** sobre as cuestións máis delicadas e problemáticas, **escoitar** ou **detectar** as correntes ideolóxicas e políticas dun órgano tan plural, así como as **propostas** que debería presentar.

Porque, tal e como foron as cousas -e salvadas as actitudes das persoas que compoñen ese órgano-, da a impresión de que o que nacéu hai uns meses semella un órgano «morto», que a min recórdame -non sei por qué- aquelas comisións fosilizadas, rimbombantes e decorativas dos tempos da «democracia orgánica».

Os sectores sociais convocados a aquela sesión constituinte quedamos en suspenso desde aquela. Sentímonos «desmotivados», «desmoralizados». Cercenouse a nosa función. Queríamos dicir algo e non podemos. A «permanente» non nos convoca. O Conselleiro non nos convoca. O «regulamento de rexime interno» non da saldo...

E o caso é que a posta en marcha do Consello Escolar de Galicia debería ser, sen dúbida, un tema de fondo do noso goberno. Este Consello debería ser capaz de planificar un traballo denso e a longo prazo en todo o que se relaciona coa educación. E hai asuntos urxentes; e hai medidas que non admiten demora e que requiren o apoio de amplias maiorías...

Non estaría mal que un programa de traballo dese Consello figurase, a lo menos, en certos programas electorais, particularmente nos máis avanzados e progresistas, nos que amosen as intencións máis anovadoras.

Un órgano desas características coido que debería ser un peso específico como órgano **asesor** da Consellería de Educación. ¿Ou como algo máis?

Definitivamente, parece que temos que agardar ás eleccións do 17 de decembro. ¿Reaparecerá o Consello Escolar de Galicia?